

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 17 de xaneiro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezasete de xaneiro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(22).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas da sesión extraordinaria e urxente do 26 de decembro e ordinaria e extraordinaria e urxente do 27 de decembro de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(23).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS.

Dáse conta das seguintes Sentenzas remitidas por Asesoría Xurídica:

- a) Sentenza do X. Primeira Instancia nº 3 Vigo no Xuízo Verbal nº 507/2013.Demandante: "C.P. CALDAS DE REYES Nº 1". Reclamación de cotas de comunidade pola titularidade do piso 2º A do edificio sito no nº 1 da rúa Caldas de Reis. Estimada a demanda.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 242/13 P.A. Demandante: D. IVÁN RODRÍGUEZ VÁZQUEZ. Obxecto: Resolución do 30.7.2013, sanción tráfico. Estimado o recurso.

c) Sentenza do TSXG no rec. Suplicación nº 2967/2013 interposto polo CONCELLO DE VIGO contra a Sentenza do X.do Social nº 1 de Vigo a instancia de D^a. M^a. José García Oliveira, que condena ao pagamento de salarios deixados de percibir dende o despedimento. Desestimado o recurso de suplicación.

d) Sentenza do X. Do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no procedemento Ordinario 47/2011. Demandante: CONSTRUCCIONES AIS S.L. contra desestimación presunta, por silencio, de incoación de expediente de recuperación de oficio de bienes de dominio público en relación a kiosco Avda. Gran Vía. Estimado o recurso.

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no procedemento ordinario 377/2012. Demandante: IC Gomez Ulla S.L. Obxecto: desestimación por silencio administrativo da pretensión de desafiuzamento administrativo e o lanzamento dos ocupantes dos locais comerciais situados nos baixos dos aparcamentos da Rúa Coruña e Rúa Venezuela. Estimado parcialmente o recurso.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 236/2013 P.A. Demandante: D. Joaquín Gándara Martínez. Obxecto: Desestimación presunta de reposición (contra XGL 21/12/2013) expediente de corrección erros incentivo xubilación anticipada bombeiros 23536/220. Estimado o recurso.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 110/13 P.A. Demandante: D. DANIEL TEBAR SENDÍN. Obxecto: Resolución do 20.11.2012, procedemento sancionador por contaminación acústica (Expte. 7957/306). Desestimado o recurso.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 193/2013 P.A. Demandante: D^a M^a MERCEDES MARTÍNEZ GONZÁLEZ. Obxecto: Resolución do 02/05/2013 (en reposición), expte. de reclamación patrimonial por danos. Estimado parcialmente o recurso.

i) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 120/2012 P.O. Demandante: GRAN GARAJE COMPOSTELA, S.A. Obxecto: Resolución do T.E.A do Concello de Vigo do 8.2.2012, liquidacións do IIVTNU (Pza Compostela 13 e 14). Estimado o recurso.

k) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 245/13 P.A. Demandante: D. IVÁN RODRÍGUEZ VÁZQUEZ. Obxecto: Resolución do 30 de xullo de 2013, sanción de tráfico (Expte.: 128652330) Estimado o recurso.

- l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 254/13 P.A. Demandante: D^a ÁNGELES MARTÍNEZ HINOJOSA. Obxecto: Resolución do 23.1.2013 de reclamación patrimonial por danos (Expte. 3584/243) Desestimado o recurso.
- m) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 249/2013 P.A. Demandante: D. FLORINDO IGLESIAS PRADO. Obxecto: Resolución do 12 de agosto 2013, reclamación patrimonial por danos (Expte.: 3768/243). Desestimado o recurso.
- n) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 201/2013 P.A. Demandante: GÉNESIS C. S e 2 persoas máis. Obxecto: Resolución do 5-6-2013 (e.p.) reclamación patrimonial por danos (Expte.: 3703/243). A sentenza estima parcialmente o recurso.
- o) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 238/13 P.A. Demandante: D. JOSÉ GIRÁLDEZ REPRESAS. Obxecto: Resolución do 24-1-2013, sanción de tráfico (Expte.: 128 653 575). Desestimado o recurso.
- p) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 217/13 P.A. Demandante: D. ANTONIO VÁZQUEZ GÓMEZ. Obxecto: Resolución do 23 maio 2013, sanción tráfico (Expte. 128655738). Desestimado o recurso.
- q) Sentenza do X. do Social nº 5 de Vigo no Procedemento 1190/12 (Seguridade Social). Demandante: D^a ANA C. VÉSCOVO MANGO. Obxecto: Resolución do 5.7.2012 do INSS. Prestación por incapacidade permanente parcial (oficial de xardinería). Estimado parcialmente o recurso.
- r) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo no RC-A nº 237/2013 P.A. Demandante: D^a NIEVES PÉREZ MARTÍNEZ (OFITEL e MÉTODO ATLÁNTICO) Obxecto: Resolución do 14 de xuño 2013 (e 12-3-2013). Subministración de material informático en 2003, reclamación de pagamento de 2 facturas do 10-3 e 15-5-2003 (Expte.: 1567/302) Desestimado o recurso.
- s) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 264/2013 P.A. Demandante: D^a M^a TERESA FREIRE LÓPEZ. Obxecto: Resolución do 20.8.2013, reclamación patrimonial de danos. Estimado parcialmente o recurso.
- t) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 267/2012 p.o. Demandante: COMUNIDAD DE PROPIEDAD DE ESPERANTO Nº2. Obxecto: Desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos e prexuízos sufridos nas plantas soto -1 e -2 do edificio do nº2 da rúa Esperanto. Estimado parcialmente o recurso.

u) Sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra, sección sexta, no recurso de apelación 762/2012 interposto por D^a ISAURA RODRÍGUEZ NOVOA, derivado do Xuízo Verbal (art. 41 LH) Protección dereitos reais nº 64/2012, sobre camiño do Lago, Beade. Estimado parcialmente.

v) Sentenza do X.Social nº 1 de Vigo no proced. nº 37/2013 interposto por D. JUAN C.DOVIGO P. E CXT, Obxecto: modificación substancial condicións de traballo, por CLECE, sobre horarios de traballo normal e de verán. Desestimadas as dúas demandas acumuladas.

x) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, P.E. (Dereitos Fundamentais) 224/2013. Demandante: ASOCIACION VIGUESA POLA MEMORIA HISTÓRICA DO 36. Obxecto: Resolución da Xunta Goberno local do 1.3.13, sobre petición de retirada da "cruz de los caídos" do Castro. Desestimado o recurso.

y) Setenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 216/13 P.A. Demandante: UMAS E SEMINARIO MAIOR S. XOSÉ. Obxecto: resolución da concelleira delegada de Patrimonio do 14.05.13 desestimatoria de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos (expte. 3511/243). Desestimado o recurso.

z) Sentenza do X. Primeira Instancia nº 13 de Vigo no proced. Ord. Nº 519/2012. Demandante: La FE Compañía de Seguros S.A. Obxecto: Reclamación de rendas polo arrendamento do edificio ASEFAL. Estimada a demanda. Auto de execución provisional de 8.1.2014.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(24).-PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN TURÍSTICA VIVE VIGO. EXPTE. 4886/104.

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 10.01.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación da campaña de promoción turística Vive Vigo (expediente 4886-104) por que as ofertas presentadas non adecuaron as súas propostas ao paragrafo 5 do modelo de proposición esixido polo que é imposible aplicar as formulas para valorar este criterio.

4(25).-DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A IMAXINERÍA S.L. POLA XESTIÓN E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO. EXPTE. 15540/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención do 17.12.13, de conformidade coa proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación do 03.01.14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a IMAXINERÍA, S.L. a fianza de 8.712,48 euros constituída para responder da xestión e desenvolvemento da Escola Municipal de Teatro, xa que o servizo foi prestado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

5(26).-MODIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DE 19.12.13 DE ADXUDICACIÓN DE 46 BOLSAS DE CONCELLO DE VIGO AO ALUMNADO BENEFICIARIO DA EOIV". EXPTE. 15438/332.

Dáse conta do informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 10.01.14, conformado polo concelleiro de Educación que di o seguinte:

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 09-01-2014, do técnico medio de Actividades Culturais que di o seguinte:

"A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 19 de Decembro de 2013, adoptou, o seguinte acordo: "Adxudicación e denegación das Bolsas "Concello de Vigo" para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, curso 2013-2014. (Expte 15438/332)".

A base décimo primeira da devandita convocatoria no seu apartado de "aceptación da axuda", recolle que o alumnado beneficiario das bolsas deberá presentar asinado no Servizo de Educación do Concello de Vigo, unha aceptación ou renuncia expresa da bolsa segundo modelo do Anexo III nun prazo de tres días hábiles, contados a partires do día seguinte ao da súa notificación ás persoas beneficiarias ou da data da publicación na páxina web municipal da concesión das bolsas. Igualmente e coa finalidade de poder librar o primeiro 50% da bolsa no momento da concesión, os beneficiarios/as tamén deberán entregar un pre-contrato asinado cunha empresa ou entidade que preste un servizo que expresamente cumpra na súa integridade co programa de estancias aprobado pola Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), e que obrigatoriamente deberá ter incluído un seguro de asistencia na viaxe e cancelación antes e durante a estancia.

Requerida a documentación citada na base décimo primeira, de todos e cada un dos 46 beneficiarios/as propostos das bolsas "Concello de Vigo", resulta que aceptan expresamente a bolsa 44 deles, coa presentación positiva do anexo III e o pre-contrato asinado. Esta documentación pasa a incorporarse aos respectivos expedientes de cada un dos beneficiarios, que figuran arquivados nas dependencias do Servizo de Educación, como órgano xestor da referida iniciativa municipal.

De igual xeito, ademáis disto, téñense producido e verificado as seguintes modificacións, que non implican alteración do compromiso económico adoitado polo órgano competente:

•A bolseira Iria Martínez Rodríguez (FR_08) proposta para o idioma de lingua francesa (estancia en París) cunha puntuación final asignada de 8,50 , presenta escrito (doc. 130148051 con entrada no rexistro municipal en data 14/12/13) no que solicita se subsane un erro involuntario na puntuación asignada pola nota media do seu expte. académico, dado que o 8,50 non corresponde ao idioma de francés, senón de inglés do cal tamén é

solicitante (IN_81 e figura estando proposta como 2ª integrante da lista da agarda de inglés cunha puntuación total de 7,50). Verificada e acreditada documentalmente a circunstancia exposta, a puntuación de 8,50 en inglés lle outorga a condición de bolseira directa no idioma de inglés, sendo cuberta a bolsa de francés polo 1º integrante da lista de agarda de francés (estancia en París), Laura Inés Vidal Savio (FR_23) a cal achega a documentación requerida para aceptación da praza.

•A bolseira Vanesa Romero Rivas (IN_13) proposta para o idioma de lingua inglesa (estancia en Londres), renuncia voluntaria e expresamente ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo” coa presentación negativa do anexo III, que pasa a incorporarse ao seu respectivo expediente, sendo esta renuncia cuberta pola bolseira Iria Martínez Rodríguez (IN_81) cunha puntuación final de 8,50 en inglés (estancia en Londres) a cal achega a documentación requerida para aceptación da praza.

•A bolseira Rosa María González Vázquez (IN_27) proposta para o idioma de lingua inglesa (estancia en Londres), renuncia voluntaria e expresamente ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo” coa presentación negativa do anexo III, que pasa a incorporarse ao seu respectivo expediente, sendo esta renuncia cuberta polo 1º integrante da lista de agarda de inglés, Aida Rodríguez Alonso (IN_36) a cal achega a documentación requerida para aceptación da praza.

•O bolseiro Javier Lago Justo (IN_59) incluído no posto 17º da lista de agarda de inglés cunha puntuación final de 7,0 puntos, presenta escrito (doc. 130149830 con entrada no rexistro municipal en data 18/12/13) no que solicita se subsane un erro involuntario na súa puntuación final asignada, dado que non está computada a condición de familia numerosa de categoría xeral. Verificada e acreditada documentalmente a circunstancia exposta, a súa puntuación final pasa a ser de 7,50 no idioma de inglés pasando a ocupar dito solicitante o posto 2º como integrante da lista de agarda do idioma de inglés.

•O bolseiro Pablo Silva Fernández (IN_83) proposto para o idioma de lingua inglesa (estancia en Londres), informa dun erro na letra do seu NIF, xa que onde di “V” ten que dicir “W”. Esta circunstancia é verificada e acreditada documentalmente.

AS DÚAS BOLSEIRAS PROPOSTAS PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES) QUE PRESENTAN A SÚA RENUNCIA, SON AS SEGUINTE:

EXPTE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
IN_13	Romero Rivas	Vanesa	53187334 H	9,00
IN_27	González Vázquez	Rosa María	36141779 Q	8,00

A BOLSEIRA PROPOSTA PARA O IDIOMA DE FRANCÉS (PARÍS) QUE PASA A TER A CONSIDERACIÓN DE BOLSEIRA DE INGLÉS (LONDRES), É A SEGUINTE:

EXPTE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
FR_08	Martínez Rodríguez	Iria	36159476 A	7,50
IN_81	Martínez Rodríguez	Iria	36159476 A	8,50

A SOLICITANTE DA BOLSA PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES) QUE PASA A OCUPAR O POSTO 2º COMO INTEGRANTE DA LISTA DE AGARDA DE INGLÉS, É O SEGUINTE:

EXPTE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
IN_59	Lago Justo	Javier	39458034 Q	7,50

O SOLICITANTE DA BOLSA PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES) QUE SUBSANA UN ERRO NA LETRA DO SEU NIF, É O SEGUINTE:

EXPTE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
IN_83	Silva Fernández	Pablo	36176909 W	8,50

Continuando o proceso, e segundo recolle a base oitava “criterios de valoración” da convocatoria, que indica que para o caso de que unha vez adxudicadas as prazas, existan prazas vacantes por renuncia, éstas serán ofertadas ao alumnado en lista de agarda por chamamento directo, de conformidade coa orde establecida polo resultado da aplicación dos criterios de baremación; pasan a ter consideración de beneficiarias das bolsas “Concello de Vigo” as primeiras integrantes das listas de agarda para os idiomas de inglés (estancia en Londres) e francés (estancia en París), as cales presentan en prazo e forma a documentación requirida que se incorpora aos seus expedientes.

A PRIMEIRA INTEGRANTE DA LISTA DE AGARDA BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES) QUE PASA A TER A CONSIDERACIÓN DE BOLSEIRA DIRECTA, É A SEGUINTE:

EXPTE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS	Nº CONTA BANCARIA
IN_36	Rodríguez Alonso	Aida	36126508 V	7,50	2080 5046 23 3000122508

A PRIMEIRA INTEGRANTE DA LISTA DE AGARDA BOLSAS “CONCELLO DE VIGO” PARA O IDIOMA DE FRANCÉS (PARÍS) QUE PASA A TER A CONSIDERACIÓN DE BOLSEIRA DIRECTA, É A SEGUINTE:

EXPTE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS	Nº CONTA BANCARIA
FR_23	Vidal Savio	Laura Inés	39488139 Z	8,50	0216 8937 83 0700216077

Consonte ao anteriormente exposto, é obxecto do presente informe dar conta das modificacións que se teñen producido nos beneficiarios/as das bolsas “Concello de Vigo” para alumnado da EOIV curso 2013-2014, as cales non implican modificación do compromiso económico adoitado polo órgano competente.

Por elo, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1.Modificar o acordo adoitado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 19/12/2013, sobre a “Adxudicación e denegación das Bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV), para o curso 2013-2014”, no que atinxe ao nº de NIF do bolseiro de inglés Pablo Silva Fernández, que onde dí 36176909 V ,debe dicir 36176909 W.

2.Aprobar a incorporación de Iria Martínez Rodríguez como beneficiaria da bolsa de inglés cunha puntuación total de 8,50.

3.Aprobar as renunciacións voluntarias ao desfrute das bolsas “Concello de Vigo”, das beneficiarias de inglés, Vanesa Romero Rivas e Rosa María González Vázquez.

4.Aprobar as incorporacións de Aida Rodríguez Alonso como beneficiaria da bolsa de inglés, que acepta a praza como primeira integrante da lista de agarda de inglés, e a incorporación de Laura Inés Vidal Savio como beneficiaria da bolsa de francés, que acepta a praza como primeira integrante da lista de agarda de francés.

5.Aprobar a incorporación de Javier Lago Justo, logo de engadida a puntuación por condición de familia numerosa de categoría xeral, como integrante no posto 2º da lista de agarda do idioma de inglés.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe do técnico medio de Actividades Culturais da Concellería de Educación.

6(27).-AVALIACIÓN EN RELACIÓN COA CONXELACIÓN DAS TARIFAS DE VITRASA DOS ANOS 2013/2014 E OUTROS PREXUÍZOS ECONÓMICOS QUE TEÑEN A SÚA ORIXE NO ACORDO DO PLENO DE DATA 29.10.01. EXPTE. 242/449.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 30-12-13, do xefe da área de Fomento conformado polo concelleiro-delegado de área e máis pola concelleira de Facenda e fiscalizado así mesmo en data 07-01-2014 polo interventor xeral municipal, que di o seguinte:

“Vista a orde de servizo do Sr. Concelleiro delegado da Área de Fomento de data 23 de decembro de 2013, vista igualmente a documentación enviada, procédese a analizar a solicitude de Viguesa de Transportes S.L, concesionaria do servizo do transporte urbano colectivo, de data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Vigo de 4 de novembro de 2013, na cal solicitan:

1. Se compense o prexuízo económico sufrido ata o momento como consecuencia da conxelación tarifaria, e que se provocará a futuro pola consolidación desta situación.
2. Se compense polo desequilibrio causado polos transbordos e quilómetros realizados en exceso, tal e como quedou exposto no presente escrito.

En relación coa solicitude en canto á proposta que hai que formular a Xunta de Goberno e o estudo analítico das contías reclamadas, na que está incluída en virtude das Resolucións adoptadas, o Transporte Urbano Colectivo.

Tendo en conta Prego de Cláusulas Administrativas que rexeu o procedemento de contratación por concurso da xestión do servizo público do transporte urbano colectivo, os acordos que se foron adoptando polos distintos órganos, fundamentalmente o adoptado polo Pleno da Corporación en sesión do 29/10/2001, a Lei 923/1965, de 8 de abril e o RGC, aprobado polo Decreto 3410/1975, de 25 de novembro, que constitúen o ordenamento xurídico básico do contrato, así como os criterios de coherencia e responsabilidade da prestación do servizo cohesionado co equilibrio no réxime económico do mesmo, segundo se indica no informe do xefe da Área de Fomento de data 23 de decembro de 2013, que dan como resultado o recoñecemento a favor da empresa concesionaria dun importe de 3.657.061,61 euros, -contía moi inferior ca solicitada- como consecuencia da implantación no ano 2002 do sistema gratuíto de transbordos e o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión do 29 de outubro de 2001, que está a supor un maior número de quilómetros realizados con respecto aos do ano 2001 e un número de viaxeiros de pago transportados inferiores aos previstos no devandito ano e en relación coa prognose baixa do período, circunstancia esta prevista como referencia no acordo do ano 2001, son os fundamentos que a concesionaria está a aplicar para solicitar as compensacións e que constitúen a base para a tramitación deste expediente.

En relación co sistema de cálculo empregado pola concesionaria, é rexeitado polos informes técnicos, quedando constancia no expediente das inconsistencias do mesmo, así como dos criterios que os servizos técnicos municipais e o propio informe da Intervención Xeral desenvolveron para chegar á contía que é obxecto do acordo, así como a de fixar os criterios de cálculo para os anos que restan da concesión.

Tendo en conta o sistema de billetaxe a implantar nos autobuses urbanos por un importe de 1.224.218,74 euros (sen IVE), mais a financiación correspondente, cálculo que se achega no informe da Intervención.

Tendo en conta os beneficios correspondentes ao 30 % pendentes de aplicar por un importe de 5.342.233,47 Euros correspondentes aos exercicios 2001 ao 2012, así como os criterios tidos en conta para o seu axuste en relación co Beneficio Industrial que está a facer o informe da Intervención, todo elo conforma a base da proposta que se está a facer.

A vista da solicitude, informes que figuran no expediente, acordos adoptados ao respecto en relación coas distintas modificacións da prestación do servizo, así como os acordos da Xunta de Goberno Local de data 26/12/2012 e 26/12/2013, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: financiar con cargo aos beneficios pendentes de aplicar do exercicios 2001 a 2012, ambos inclusive, que según o informe de Intervención ascenden a 5.342.233,47 Euros, os seguintes conceptos:

- 1.- A perda de recadación por un importe de 3.657.061,61 euros, como consecuencia do déficit de viaxeiros de pago transportados e os quilómetros realizados con respecto aos previstos, segundo informe do xefe de Área de Fomento de data 23 de decembro de 2013.
- 2.- O sistema de billeteiras a implantar nos autobuses urbanos, por unha contía de 1.224.218,74 euros (sen IVE). Aos efectos de cálculo, os informes técnicos terán en conta o custo financeiro da operación.

SEGUNDO: deferir a imputación á tarifa correspondente á amortización de terreos e instalacións do ano 2013 para financiar a conxelación da parte equivalente á tarifa do ano

2013, que supón un importe total de 610.285,59 euros, sendo o deferimento insuficiente para facer fronte ao prexuízo económico que xorde do acordo da XGL de 26/12/2012.

TERCEIRO: deferir a imputación á tarifa correspondente á amortización de terreos e instalacións do ano 2014 para financiar a conxelación dos bonos do ano 2014, que supón un importe total de 388.761,38 euros, sendo o deferimento suficiente para facer fronte ao prexuízo económico que xorde do acordo da XGL de 26/12/2013. No entanto, quedan conceptos pendentes do ano precedente, así como do sistema de billeteiras, polo que, a contía do deferimento é para financiar os seguintes conceptos:

- A parte pendente da tarifa do ano 2013, que segundo os estudos da Intervención Xeral ascende a 134.858,67 euros. Os cálculos e imputación por anos figuran nos informes que conforman o expediente.
- Conxelación dos bonos para o ano 2014 por un importe de 388.761,38 euros.

Todo elo tendo en conta a conxelación da contía de todo tipo de bonos para o ano 2014 afectando a actualización da tarifa exclusivamente aos usuarios que non teñen tarxeta. Como consecuencia das compensacións feitas polas desviacións do indicador viaxeiros/quilómetro, así como a conxelación da tarifa do ano 2013 e a conxelación de todo tipo de bonos para o ano 2014 e desprazamento na recuperación dos terreos e instalacións dos anos 2013-2014, o saldo pendente que resulta do anterior, é favorable ao Concello en 268.087,09 euros. O devandito saldo, será tido en conta na tramitación da tarifa do ano 2015.

CUARTO: Ao amparo do previsto na cláusula 26 do PCAP que rexeu o procedemento de contratación, modificar o contrato en canto a situación do fondo de reversión dos terreos e instalacións, cuxa recuperación destes dous anos (2013-2014) farase de acordo con algunha das fórmulas que estableza o informe de fiscalización, que en síntese son as seguintes:

- Con aplicación dos resultados anuais despois de facer as compensacións polo billete gratuito de transbordos.
- Distribución do custo destes dos anos (597.707,14 euros/ano) entre os anos que faltan para o remate da concesión 2016-2019.
- Facerlle fronte o Concello, ben de forma directa con cargo aos orzamentos, ou incluíndo esta contía no PCAP que regule o futuro contrato.

QUINTO: Anualmente, o servizo responsable enviará á Xunta de Goberno Local, un informe de síntese dentro dos primeiros 8 meses do ano seguinte ao que correspondan as contas presentadas e auditadas, no que se informe sobre o estado da concesión, variación de indicador viaxeiros/quilómetro, custo da compensación en relación co valor do indicador do período 2001-2004 en relación co período 2001-201x), e demais variables relevantes do servizo.

SEXTO: O prezo de todos os bonos para o ano 2014, quedará nas contías vixentes até a data, que se corresponde co prezo do ano 2012, sendo a contía a seguinte:

- Bono por Tarxeta verde: 86 céntimos.
- Bono Pensionistas con ingresos inferiores ao SMI: gratis.
- Bono Estudiante: 83 céntimos.
- Bono Universitario: 65 céntimos.
- Bono social: 66 céntimos.

SÉTIMO: En canto aos axustes a facer cada un dos anos entre o 2013-2019 en relación co acordo adoptado o 29 de outubro de 2001, segundo os criterios establecidos e o informe da Intervención, serán os seguintes:

Cociente de referencia = (Σ viaxeiros anos 2001 a 2004) / Σ Quilómetros anos 2001 a 2004.

Cociente a comparar co de referencia = (Σ viaxeiros período (2001-201x) / Σ Quilómetros período (2001-201x).

Fórmula (n): (Indicador referencia (2001-2004)-Indicador período (2001-201x))xQuilómetros ano(n)xTarifa ano(n).

A Compensación dos axustes, se existisen, estudaranse en cada ano, unha vez coñecidas as variables de quilómetros, usuarios de pago e resultados do exercicio, polo que, o prazo, será a partir da presentación das contas anuais.

OITAVO: De igual xeito, seguindo os criterios da Intervención, analizar a posibilidade de mudar as novas prestacións que están a prezo coche quilómetro legal, polo de prezo coche quilómetro real (Custes asociados á explotación/ nº de quilómetros) incrementado este custo nun 6% de beneficio industrial, deste xeito, o Concello estará a pagar polo servizo, o que custa realmente, dándolle ao concesionaria o marxe do 6%. Nestes custos reais, estarase ao control sobre os que afectan efectivamente ao servizo do transporte urbano colectivo.

NOVENO: Aos efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, notificar o acordo a Concesionaria dentro do prazo de dez días a partir da data en que o acto fose ditado.

O artigo 116 da Lei 30/1992, establece que os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

O artigo 117 da Lei, establece que o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fóra expreso. Se non o fose, o prazo será de tres meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, prodúzase o acto presunto

Ao abeiro do previsto no artigo 25 e seguintes da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, a concesionaria poderá, unha vez notificado o acordo, e interposto o recurso de reposición, no prazo establecido no artigo 46 do mesmo corpo legal, interpor recurso contencioso administrativo.

O prazo para interpor o recurso contencioso-administrativo será de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fóra expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe do xefe da área de Fomento.

7(28).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 131.333,63€ A FAVOR DE VIGUESA DE TRANSPORTES S.L. POLOS SERVIZOS DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO AL CUVI, MEDIANTE O SISTEMA DE AUTOBUSES LANZADEIRAS – NOVEMBRO 2013. EXPTE. 245/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 3.01.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 26.12.13, conformado polo concelleiro-delegado de Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- APROBAR a indemnización substitutiva por convalidación das actuacións a favor da empresa Viguesa de Transportes, S.L., por importe de 131.333,63 E, correspondientes á factura de NOVEMBRO DE 2013, por un IMPORTE TOTAL DE 131.333,63 EUROS, polo servizo de transporte prestado á Cidade Universitaria, perante dito mes do presente ano, de conformidade coa Base 28ª de execución do Presuposte Xeral para o exercicio de 2013, con cargo á partida 4410.470.00.00 - “Subvención Lanzadeiras”.

SEGUNDO.- RECOÑECER a débeda a favor de “VITRASA” por un IMPORTE TOTAL DE 131.333,63 EUROS, polos conceptos antes indicados, e con cargo á partida 4410.470.00.00 – “Subvención Lanzadeiras” do Presuposte Xeral vixente, e con arreglo á Base 28 do Presuposte para o presente ano.

8(29).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 97.244,76 € A FAVOR DE VIGUESA DE TRANSPORTES S.L. POLOS SERVIZOS DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO AL CUVI, MEDIANTE O SISTEMA DE AUTOBUSES LANZADEIRAS – DECEMBRO 2013. EXPTE. 246/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 3.01.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 26.12.13, conformado polo concelleiro-delegado de Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- APROBAR a indemnización substitutiva por convalidación das actuacións a favor da empresa Viguesa de Transportes, S.L., por importe de 97.244,76 E, correspondientes á factura de DECEMBRO DE 2013, por un IMPORTE TOTAL DE 97.244,76 EUROS, polo servizo de transporte prestado á Cidade Universitaria, perante dito mes do presente ano, de conformidade coa Base 28ª de execución do Presuposte Xeral para o exercicio de 2013, con cargo á partida 4410.470.00.00 - “Subvención Lanzadeiras”.

SEGUNDO.- RECOÑECER a débeda a favor de “VITRASA” por un IMPORTE TOTAL DE 97.244,76 EUROS, polos conceptos antes indicados, e con cargo á

partida 4410.470.00.00 – “Subvención Lanzadeiras” do Presuposto Xeral vixente, e con arreglo á Base 28 do Presuposto para o presente ano.

9(30).-REQUISITOS PARA A OBTENCIÓN DO BILLETE XERAL BONIFICADO (TARXETA VERDE) DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS. EXPTE. 256/449.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe emitido pola xefa do Servizo de Transportes, o 10.01.14, sobre a esixencia do requisito do empadroamento na cidade para a utilización da tarxeta verde no servizo de autobús urbano colectivo de viaxeiros, que di o seguinte:

O servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros, de conformidade co disposto na lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de reximé local, e obrigatorio nas cidades de mais de 50.000 habitantes.

Do anterior desprendese que a esixencia de prestación do servizo de transporte colectivo urbano ven directamente relacionado co número de habitantes da cidade.

Dito servizo se presta mediante concesión administrativa de conformidade co acordo plenario de adxudicación de data 16 de setembro de 1994.

De conformidade co disposto no artigo 60 do prego de condicións que rexe a concesión do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo aprobado por acordo plenario de data 26 de maio de 1994 o concesionario percibira en concepto de retribución ademais dos ingresos pola aplicación da tarifa aprobada, as diferencias que se produzan entre a tarifa aprobada en cada momento e os prezos dos bonobuses ou billetes reducidos, etc, que decida aprobar o Concello.

De conformidade co disposto no artigo 63.2., do citado prego de condicións o Concello e competente para a aprobación de tarifas menores e distintas a denominada tarifa ordinaria, así como as condicións esixibles para o acceso a cada unha das tarifas reducidas.

Polo exposto ponse de manifesto que a aprobación e o uso das tarifas reducidas no transporte urbano colectivo de viaxeiros supón un custo económico para as arcas municipais; e ademais que corresponde o Concello a fixación dos requisitos esixibles para a súa utilización.

Non se aprecia a existencia de ningún impedimento legal para esixir o requisito do empadroamento para o acceso a determinadas tarifas bonificadas do transporte urbano, así como se esixe para o acceso o utilización bonificada doutros servizos municipais.

Os cidadáns residentes na cidade de Vigo e dicir os que figuran empadroados na cidade son os que soportan a presión fiscal e os que contribúen ao sostemento do gasto público, polo que pode considerarse que sexan eles os receptores das melloras económicas que se establezan con cargo ao orzamento municipal .

Tampoco debe olvidarse que unha parte do orzamento da cidade , orzamento que permite o mantemento dos distintos servizos, esta formado pola participación dos ingresos do Estado que se reciben en función da poboación legal da cidade.

Polo exposto, considerase que dentro das atribucións que corresponden ao Goberno Municipal, inclúense a fixación das condicións para o acceso as distintas tarifas bonificadas aprobadas

para a súa utilización no transporte urbano colectivo da cidade, poidendo fixarse entre outras, bonificacións o tarifas reducidas para os veciños da cidade.

Dáse conta, así mesmo, da proposta formulada pola xefa do Servizo de Transportes, o 13.01.14, conformada polo concelleiro-delegado de dito servizo, que di o seguinte:

De conformidade co disposto no artigo 63 .2. do prego de condicións que rexe a concesión do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo aprobado por acordo plenario de data 26 de maio de 1994, o Concello e competente para a aprobación de tarifas menores e distintas a denominada tarifa ordinaria , así como as condicións esixibles para o acceso a cada unha das tarifas reducidas.

De conformidade coas instrucións recibidas da Concellería de Fomento, e intención do Goberno Municipal que a utilización da tarifa reducida xeral no autobús urbano, coñecida como tarxeta verde o bonobus xeral se reserve aos cidadáns de Vigo e dicir as persoas empadroadas na cidade, dado o elevado custo que supón a súa utilización para os orzamentos municipais.

Polo exposto e considerando o disposto no artigo 127.1 da lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Para a obtención da tarxeta verde que permite a utilización do transporte público urbano coa tarifa reducida xeral (tarxeta verde o bonobus normal) a partir da data de adopción do presente Acordo, se esixirá o empadramento no Concello de Vigo .

Acordo

A Xunta de Goberno local presta aprobación á precedente porposta.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

10(31).-PROPOSTA PARA A CONTINUIDADE DO PROGRAMA DEPORTE PARA PERSOAS MAIORES. EXPTE. 12883/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 16.01.14, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 16.01.14, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Dar continuidade os programa de “Ximnasia para persoas maiores”, así como o programa de “Natación para persoas maiores” , segundo os acordos da XGL do 27 de xaneiro de 2012, coas seguintes especificacións:

a) Dar continuidade os prazos dos programas de “Ximnasia para persoas maiores” e “Natación para persoas maiores” ata o 31 de decembro de 2014, nos seguintes prazos:

- xaneiro/xuño de 2014
- setembro/décembro de 2014.

b) A coordinación e seguimento dos grupos da actividade de ximnasia e natación, será desenvolvida dende os servizos técnicos e administrativos da Concellería de Deportes. Para o cal se atenderá os criterios aprobados na Xunta de Goberno Local de 15/02/2013 sobre o programa de “Natación para persoas maiores”, e do acordo co acordo de 27 de xaneiro de 2012, para o programa de “Ximnasia para persoas maiores”.

c) Os custes de aluguer das instalacións deportivas do IMD, vinculadas ás sesións de ximnasia de programa de maiores, así como os cursos de natación serán facturados polo IMD ó Concello de Vigo (Concellería de Deportes), en relación á aplicación da ordenanza de prezos públicos vixente.

d) A Concellería de Deporte procederá o estudo das necesidades para a contratación das necesidades de técnicos docentes para a actividade de ximnasia segundo os seguintes períodos:

- xaneiro/xuño de 2014.
- setembro/décembro de 2014. (en función do número de persoas que se inscriban para este novo período ata un máximo de 300 prazos.).

SEGUNDO.- Autorizar o gasto estimado para o desenvolvemento de dito programa, ata un importe máximo de 80.000,00 €, con cargo a partida 3410.227.99.25 “usos instalación deportes maiores”, dentro do orzamento vixente. Dito importe correspóndese coa previsión dos seguintes aspectos:

Período xaneiro/xuño:

Actividade	Importe máximo
Facturación do IMD polo uso das instalacións deportivas destinadas o programa.	3.600,00 €.
Facturación do IMD polos cursos de Natación realizados	24.500,00 €.
Clases de Ximnasia.	20.000,00 €.

Período setembro/décembro:

Actividade	Importe máximo
Facturación do IMD polo uso das instalacións deportivas destinadas o programa.	2.400,00 €.
Facturación do IMD polos cursos de Natación realizados	16.500,00 €.
Clases de Ximnasia.	13.000,00 €.

TERCEIRO.- Autorizar a continuidade dos prezos de aplicación para o desenvolvemento dos programas en base os acordos da Xunta de Goberno Local:

Actividade de Ximnasia para maiores. (Xunta de goberno Local de 24/02/2012). Ditos prezos correspóndense os seguintes criterios:

INGRESOS MES /PERSONA	CUANTÍA A PAGAR MENSUAL/PERSONA
Dende 0,00€ ata 642,00€	0,00 €
642,01€ ata 999,99€	10,00 €
Mais de 1000,00€	15,00 €

Actividade de Natación: (Xunta de goberno Local de 15/02/2013). Ditos prezos correspóndense os seguintes criterios:

O custe da actividade de natación para persoas maiores: 12,00€ por trimestre e persoa.

Ditos pagos realizarase a mes vencido por domiciliación bancaria que autorizará o/a solicitante, por escrito, no momento da concesión da actividade.

11(32).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.